



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

Acceso con carácter URXENTE á documentación que forma parte do expediente de modificación de crédito prevista para este mes de abril e que polo tanto previsiblemente se debatirá na Comisión de Contas deste vindeiro mércores 20 de abril para o seu posterior debate e aprobación no pleno ordinario do 29 de abril de 2022.

Solicitamos asimesmo, que debido a importancia do asunto pola contía económica que supón, este punto, en vindeiras ocasións se presente pola vía ordinaria na orde do día da citada comisión para que os grupos políticos poidamos analizar a documentación que forma parte do expediente, xa que con estes métodos escurantistas de proceder esta Deputación Provincial unha vez máis non fai gala da tan “premiada” transparencia da que presume, sendo destinaria desta información antes a prensa local que os propios deputados e deputadas que forman parte desta Corporación Provincial.

En Ourense, a 18 de abril de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE